Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

LINGUA 4

Tema 9
A lanzadeira espacial

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións Didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á Diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en Valores**

Orientacións didácticas

■ Neste tema o alumnado traballará os seguintes contidos:

- Lectura dun texto instrutivo.
- Comprensión lectora do texto coa resposta dunhas preguntas.
- Aprendizaxe sobre as conxugacións verbais.
- Aprendizaxe do uso da letra v e palabras que levan esta grafía.
- Estudo de palabras técnicas que chamamos tecnicismos.
- Estudo das características e partes dun texto expositivo.
- Realización dun ditado.
- Procura na Internet de información sobre o sistema solar.

Solucións das actividades

Antes de ler

– Respostas persoais.

– Resposta persoal.

1. Resposta persoal. A modo de exemplo:

– Un transbordador é un tipo de vehículo espacial que pode transportar unha carga ata o espazo e logo regresar á Terra para facer outra misión.

9 A lanzadeira espacial

Antes de ler

- **Viches algunha vez, na televisión ou no xornal, unha lanzadeira espacial? Como era?**
- **Como imaxinas que debe ser unha viaxe polo espazo?**

combustible: substancia que pode arder ou alimentar o lume.

propulsor: que impulsa cara a adiante.

guindastre: máquina que levanta grandes pesos dun punto para outro.

No ano 1961 iniciáronse os voos espaciais tripulados por persoas. Os vehículos espaciais resultaban moi caros e só volvía á Terra unha pequena parte deles. O resto do vehículo era abandonado no espazo, dando voltas ao redor do noso planeta como unha perigosa "chatarra espacial".

A lanzadeira espacial, formada por un transbordador, un depósito de **combustible** e dous foguetes **propulsores**, resolveu o problema: permítelle ao transbordador ascender ao espazo coa axuda dos foguetes. Realizada a misión, o transbordador regresa á Terra como un avión e pode volver a utilizarse.

1 Sabes que é un transbordador?

O transbordador

O transbordador[1] é o módulo da lanzadeira espacial que acolle a tripulación e onde van situados os compartimentos de carga.

No momento do lanzamento, o transbordador leva acoplados o depósito de combustible e os foguetes propulsores. Destes elementos desprenderase antes de que vaian transcorridos dez minutos do despegue.

Cando o transbordador volva entrar na atmosfera terrestre, o rozamento do aire elevará a súa temperatura. Para protexer os tripulantes, a nave está recuberta con 32 000 placas de cerámica que a illan da calor. As placas están fabricadas individualmente e non existen dúas iguais.

O transbordador fai funcionar potentes motores para modificar a velocidade ou a dirección e numerosos motores pequenos para axustar a súa posición.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Expresarse oralmente con corrección.	Expresarse con corrección para describir como imaxin que debe ser unha viaxe polo espazo. *Antes de ler.*
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias e empregar ferramentas para reforzar a adquisición de léxico.	Favorecer a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua a través da lectura que se propón nesta dobre páxina e dos glosarios que se facilitan. *Lectura.*
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Participar en actividades colectivas para iniciativa propia e mostrando interese e iniciativa.	Participar nunha conversa sobre se viu algunha vez na televisión ou nos xornais unh alanzadeira espacial respectando as normas sociocomunicativas e confiando en si mesmo.. *Antes de ler.*
Sociais e cívicas	Participar en actividades colectivas de forma colaborativa, respectando as achegas dos outros.	Participar no comentario colectivo sobre se sabe que é un transbordador respectando as opinións alleas. Pregunta 1.

[] Valid. 25/02/2017

Un paseo polo espazo

En ocasións os tripulantes deben saír do transbordador para realizar diversas misións: colocar satélites en órbita, reparar os que xa están en órbita ao redor da Terra ou reparar a nave.

Nestas saídas, coñecidas como paseos espaciais, os tripulantes do transbordador levan uns traxes que están recheos de osíxeno e que teñen moitas capas para manter unha temperatura agradable.

Como é o interior do transbordador?

No espazo, sen gravidade, a auga non cae cara a abaixo senón que se estende en todas as direccións. Por iso non é doado lavarse no transbordador.

Os astronautas lavan as mans nunha especie de peixeira e empregan trapos para o resto do corpo. Aquí non hai mesa para xantar. Os tripulantes comen alí onde atopan un curruncho para colocar a bandexa.

Stephen BIESTY: *El asomobroso libro del interior de las cosas* (tradución e adaptación).



Educamos en valores

Sociais e cívicas

- A lectura preséntanos un texto expositivo que nos explica o que é unha lanzadeira espacial.

Aproveitaremos este tema para falar co alumnado de problemas que se derivan da chamada carreira espacial e dos aparellos que o ser humano manda ao espazo.

Explicarémoslle que podemos aproveitar moitas utilidades de satélites, transbordadores, etc., pero que hai un problema derivado desta práctica, que é o chamado lixo espacial.

Podemos facerlle ao alumnado as seguintes preguntas:

- *Onde cres que está todo o lixo espacial que se xera no espazo cando hai unha misión?*
- *Pode ser perigoso que os restos de naves queden polo espazo?*
- *Que ocorrería se algún día caera algún tipo de aparello á Terra coa forma dun meteoro?*

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/738151 – Recurso que nos permite ver moitas imaxes de lixo espacial, incluso xa facendo órbitas arredor de corpos celestes.

Pedirémoslle ao alumnado que por parellas analicen as imaxes e que creen unha exposición oral en parellas propondo solucións para este problema.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

Orientacións didácticas

■ A través das actividades que se propoñen nesta dobre páxina poderemos:

- Comprobar se os nenos comprenderon a lectura anterior e se asimilaron as ideas propostas no texto.
- Expor oralmente de forma correcta opinións persoais e contidos do texto.
- Relacionar diversas palabras co seu significado.
- Aprender cales son as conxugacións verbais e clasificar unha serie de verbos segundo a súa conxugación.

Solucións das actividades

Ler e comprender

1. As respostas son as seguintes:

– Os voos espaciais comezaron no ano 1961.

– A lanzadeira espacial resolve o problema do chamado "lixo espacial" ou "chatarra espacial", é dicir, o lixo que quedaba das misións polo espazo acumulándose. Neste caso o transbordador como volve á Terra non queda como lixo no espazo.

– As partes da lanzadeira espacial son: un transbordador, un

Ler e comprender

Aprenderás a extraer a información máis importante dun texto.

1 Lembra a lectura e responde as preguntas:

– Cando se iniciaron os voos espaciais?
– Antes da aparición da lanzadeira espacial, que problema presentaban os voos espaciais?
– Que partes forman a lanzadeira espacial?
– En cal delas vai a tripulación?
– Que son os paseos espaciais?
– Por que os traxes dos astronautas teñen que ir recheos de osíxeno?

2 A vida da tripulación ten unhas condicións moi especiais. Le o apartado onde se explica e resume como solucionan os seguintes problemas:

alimentación · hixiene · descanso

3 Que problemas de saúde poden ter os astronautas? Por que? Que teñen que facer para os evitar? Que farías ti? Xustifica a túa resposta.

4 Completa as oracións que tes a continuación coas seguintes palabras:

- motores de reacción
- depósito de osíxeno
- comporta
- depósito de combustible

– Os … permiten manobrar no espazo.
– A … impide a perda de aire do interior.
– O … acolle a combustión que subministra enerxía.
– O … limpa o aire que respiran os astronautas.

5 Escribe no teu caderno cada unha das palabras coa súa definición:

atmosfera · tripulación · gravidade

– Atracción que se manifesta entre un planeta e os corpos situados na súa superficie.
– Masa de aire que rodea a Terra.
– Conxunto de persoas que van nun transbordador.

6 Debuxa no teu caderno a zona na que vive a tripulación e despois fai unha breve descrición.

106 Tema 9

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	5	Relacionar de forma correcta tres palabras relacionadas co contido do tema cunhas definicións que se dan.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Lembrar o contido do texto para facilitar a resposta a preguntas sobre o seu contido.	Explicar de forma oral que problemas poden ter de saúde os astronautas, que poden facer para evitalo, etc., axudándose do contido do texto e procurando información activamente. Act. 3.
Conciencia e expresións culturais	Empregar o coñecemento previo e tamén o aprendido no tema para facer descricións de realidades.	Debuxar no seu caderno a zona na que vive a tripulación e facer unha breve descrición correcta sobre ela. Act. 6.
Lingüística	Expresarse oralmente con corrección.	Responder preguntas correctamente sobre o contido do texto coidando a entoación e a dicción. Act. 1.

[] Valid. 25/02/2017

Gramática

Aprenderás o que son as conxugacións verbais.

As conxugacións verbais

Le o seguinte texto e fíxate nas palabras subliñadas:

A Xulián encántalle viaxar. Sempre que ten vacacións, prepara a súa mochila e vai vivir unha aventura.

A próxima viaxe que desexa facer é ao deserto do Sáhara, no continente africano.

O **verbo** é unha palabra que expresa unha acción, un estado ou un suceso.

Os verbos noméanse sempre co infinitivo. Pola terminación do seu infinitivo existen tres conxugacións de verbos:

- Os verbos co infinitivo rematado en **-ar** pertencen á **primeira conxugación**: *cantar, soñar, viaxar.*
- Os verbos co infinitivo rematado en **-er** pertencen á **segunda conxugación**: *beber, facer, perder.*
- Os verbos co infinitivo rematado en **-ir** pertencen á **terceira conxugación**: *saír, vivir, lucir.*

O infinitivo dos verbos sempre remata en **-r**.

Os verbos teñen raíz e desinencias:

- A **raíz** do verbo pódese obter se quitamos a terminación do verbo (-ar, -er, -ir) ao infinitivo: *viax-ar.*
- As **desinencias** son as terminacións que engadimos á raíz para obter as formas verbais: *viax-arei.*

7 Clasifica os seguintes verbos segundo a conxugación á que pertencen:

- cabalgar
- comer
- socorrer
- durmir
- saltar
- partir
- oír
- sentir
- corrixir
- protexer
- escribir
- separar
- correr
- respirar
- aliviar
- coller

primeira conxugación	segunda conxugación	terceira conxugación
...	...	...

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/687235 – Recurso que nos ofrece varios exercicios de verbos en galego.

Iremos ao exercicio 4 e pedirémoslle ao alumnado que poña todos os verbos das oracións en infinitivo e que indique cal é a súa conxugación verbal.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

depósito de combustible e dous foguetes propulsores.

- A tripulación viaxa no transbordador.
- Os paseos espaciais son as saídas que a tripulación se ve obrigada a facer fóra do transbordador para realizar diversas misións.
- Os traxes dos astronautas deben ir cheos de osíxeno porque no espazo non o hai, polo tanto non poderían respirar.

2. As respostas son as seguintes:

- Alimentación:
  - Os tripulantes comen alí onde atopan un curruncho para colocar a bandexa.
- Hixiene:
  - Os astronautas lavan as mans nunha especie de peixeira e empregan trapos para o resto do corpo.
- Descanso:
  - Os astronautas vense obrigados a amarrarse a algún tipo de "cama" para non flotar pola nave coa falta de gravidade.

3. Respostas persoais.

4. As oracións quedan do seguinte xeito:

- Os motores de reacción permiten manobrar no espazo.
- A comporta impide a perda de aire do interior.
- O depósito de combustible acolle a combustión que subministra enerxía.
- O depósito de osíxeno limpa o aire que respiran os astronautas.

5. As relacións son:

- Atmosfera: masa de aire que rodea a Terra.
- Tripulación: conxunto de persoas que van nun transbordador.
- Gravidade: Atracción que se manifesta entre un planeta e os corpos situados na súa super-ficie.

6. Actividade persoal.

7. A clasificación queda do seguinte xeito:

- primeira conxugación: cabalgar, saltar, respirar, aliviar, separar.

(Segue na páxina 9-14)

Orientacións didácticas

- A través das actividades que se propoñen nesta dobre páxina poderemos:

- Practicar diversas aprendizaxes respecto dos verbos.
- Aprender palabras que levan a grafía v e regras sobre o seu uso.

Solucións das actividades

Gramática

8. Os verbos que aparecen no texto son:

– Eran, construíron, dominaban, protexían, vivían, refuxiábanse, protexeren, quedan, poden, visitar.

9. As respostas son:

– eran: infinitivo ser- segunda conxugación. S-er.

– construíron: construír, terceira conxugación. Constru-ír.

– Dominaban: dominar, primeira conxugación, domin-ar..

– protexían: protexer, segunda conxugación. Protex-er.

– Vivían: vivir, terceira conxugación. Viv-ir.

– refuxiábanse: refuxiarse, primeira conxugación, refuxi-ar.

– protexeren: protexer.

– quedan: quedar, primeira conxugación, qued-ar.

Gramática

8 Le o seguinte texto e escribe no teu caderno todos os verbos que atopes nel:

Os castelos eran poderosas fortalezas que se construíron na Idade Media. Edificados case sempre sobre un outeiro ou montaña, dominaban e protexían unha ampla zona de territorio.

No castelo vivían o señor feudal e a súa familia e, en caso de ataque dalgún inimigo, os habitantes das aldeas refuxiábanse nel para se protexeren.

Na actualidade, aínda quedan uns cen castelos en bo estado que se poden visitar.

9 Escribe os infinitivos dos verbos da actividade anterior, indica a que conxugación pertencen e sinala a raíz.

10 Con que verbos completarías estas oracións? Escribe as oracións no teu caderno:

– Miña irmá … un 13 de marzo.
– Elas … ao hóckey.
– O teu can … polo campo todas as mañás.
– Polas tardes, os meus amigos e mais eu … un bocadillo de lacón.
– Este coche … a porta avariada.
– A miña nai … o xornal todos os días.
– Eu … un conto na libraría do meu barrio.

11 AsA Completa as oracións cos seguintes verbos e indica se expresan accións (A), estados (E) ou sucesos (S):

– Este balcón … fermosas flores.
– O cadelo … xunto ao seu dono.
– Ela … música pola radio.
– Este conto … moi divertido.
– A miña nai … unha gaiola.
– O meu irmán … cedo.
– A túa compañeira … moi ben.
– Ela … unha boneca de la.

é
ía
mercou
volverá
ten
fixo
debuxa
escoita

108 Tema 9

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de problemas de dificultade crecente.	Completar oracións cunha serie de formas verbais que se facilitan aplicando o significado do contexto e o coñecemento adquirido sobre as formas verbais. Act. 11. Completar unha serie de oracións coa forma verbal correcta que ten que pensar por si mesmo. Act. 10.
Lingüística	Desenvolver a comprensión lectora. Coñecer o emprego de b e v.	Ler de forma comprensiva un texto e logo resolver diversas actividades sobre o seu contido e os tipos de palabras que aparecen nel. Act. 8. Completar unha serie de oracións con substantivos que levan v e que acaba de estudar. Act. 12. Formar adxectivos rematados en –ivo e –iva. Act. 13.

[] Valid. 25/02/2017

Ortografía

Aprenderás a ortografía da letra **v**.

Ortografía da letra v

Le con atención este texto e fíxate nas palabras subliñadas:

Cava, a cadela de Vanesa, era valente, brava, e tiña o pelo moi suave. Gardaba a granxa igual que garda un lobo a súa gorida, e ademais mantiña á raia a ratas e ratos, sempre andaba cos ollos atentos e as orellas guichas, vixiando.

Escríbense con **v**:

- Todos os adxectivos rematados en **-ave**, **-avo**/**-ava**, **-eve** e **-ivo**/**-iva**: *suave, leve, lectivo…*
- Moitos substantivos: *covarde, vida, televisores, invento, vendedor, vulto, avogados, voda, avoa, chuvia…*
- As palabras en que as letras **d** e **n** van diante de **v**: *advento.*

12 Copia e completa as seguintes oracións cos substantivos que rematas de ler:

– O fenómeno da … non é un … dos humanos.
– A … dos … de familia é moi activa.
– Quero traballar como … nunha tenda de ….
– Non sexas …; só é un … do golpe.
– Os netos felicitamos a … no aniversario da súa ….

13 Forma adxectivos rematados en **-ivo** e **-iva** no teu caderno:

- impulso
- decidir
- opción
- afecto
- competición
- atraer
- interrogar
- tentar
- resolución
- dúbida
- negar
- nutrición

14 Completa no teu caderno as oracións coas seguintes palabras:

- adverbios
- envexa
- advertencia
- inverno
- adversarios
- conversa

– Non se debe ter … entre os … ou contrincantes.
– Os … son moi usados na … e na escritura.
– Durante as xeadas que hai no …, colócanse nas estradas moitos sinais de ….

Navegamos por Tiching

■ http://www.tiching.com/737932 – Recurso que explica algunhas normas de uso do b e do v e ofrece unha listaxe de palabras para completar con b ou v.

Pedirémoslle aos alumnos e alumnas que vaian saíndo un a un e diremos unha palabra que terán que escribir no encerado. Tamén terán que dicir que norma se aplica para completar con b ou con v.

Libro dixital

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

– poden: poder, segunda conxugación. Pod-er.
– visitar: primeira conxugación. Visit-ar.

10. As respostas son:

– Miña irmá naceu un 13 de marzo.
– Elas xogan ao hóckey.
– O teu can corre polo campo todas as mañás.
– Polas tardes, os meus amigos e mais eu comemos un bocadillo de lacón.
– Este coche ten a porta avariada.
– A miña nai le o xornal todos os días.
– Eu merquei un conto na libraría do meu barrio.

11. As oracións quedan do seguinte xeito:

– Este balcón ten fermosas flores. E
– O cadelo ía xunto ao seu dono.A
– Ela escoita música pola radio. A
– Este conto é moi divertido. E
– A miña nai fixo unha gaiola. A
– O meu irmán volverá cedo. A
– A túa compañeira debuxa moi ben. A
– Ela comprou unha boneca de la. A

Ortografía

12. As oracións quedan así:

– O fenómeno da chuvia non é un invento dos humanos.
– A vida dos avogados de familia é moi activa.
– Quero traballar como vendedor nunha tenda de televisores.
– Non sexas covarde, só é un vulto do golpe.
– Os nenos felicitamos a avoa no aniversario da súa voda.

13. Os adxectivos quedan do seguinte xeito:

– impulsivo, decidida, optativo, afectiva, competitivo, atractiva, interrogativo, tentativa, resolutivo, dubitativa, negativo, nutritiva.

(Segue na páxina 9-14)

Orientacións didácticas

- A través das actividades que se propoñen nesta dobre páxina poderemos:
  - Estudar as palabras que chamamos tecnicismos e facer varios exercicios sobre o tema.
  - Relacionar tecnicismos acompañados de imaxes coa súa definición.
  - Aprender a facer un texto expositivo e a recoñecer ideas principais e secundarias.

Solucións das actividades

Vocabulario

15. A clasificación dos tecnicismo é a seguinte:

– ábside, bóveda, cúpula, tímpano: arquitectura.

– heptágono, área, sumando, diferenza: matemáticas.

– verbo, prefixo, oración, adxectivo: lingüística.

16. A clasificación queda do seguinte xeito:

– Pesca: rastro, arrastre, anzol, rapante.

– Carpintaría: serrón, taco, selador.

– Agricultura: regadeira, barbeito, tractor, bactericida.

Vocabulario

Aprenderás o que son os tecnicismos.

Tecnicismos

Le o texto e fíxate nas palabras subliñadas:

As rosas cultívanse nun invernadoiro. A planta enraíza os primeiros sete ou oito meses. A recolección ten lugar dende comezos da primavera ata finais do outono, mentres que o inverno é a época da poda. Ao amencer ou no serán o produtor corta as rosas máis fermosas. Se a rosa está aberta non se poderá vender, aínda que os seus pétalos se poden utilizar para facer centros florais.

Os **tecnicismos** son palabras propias das linguaxes que se empregan nas artes, nas ciencias…

15 A que campo pertencen estes tecnicismos? Escríbeo no teu caderno:

ábside, bóveda, cúpula, tímpano → …

heptágono, área, sumando, diferenza → …

verbo, prefixo, oración, adxectivo → …

16 Clasifica os tecnicismos segundo pertenzan ao campo da pesca, da carpintaría ou da agricultura:

- regadeira
- barbeito
- serrón
- rastro
- taco
- arrastre
- sarxento
- anzol
- tractor
- selador
- rapante
- bactericida

Amplía o teu vocabulario

17 Relaciona no teu caderno:

chave Allen

desaparafusador

alicates

– Suxeita, dobra e corta.

– Emprégase para apertar e afrouxar parafusos que requiran pouca forza para apertar e que xeralmente son de diámetro pequeno.

– Aparafusa ou desaparafusa parafusos con cabeza hexagonal.

110 Tema 9

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Naturalista	16	Clasificar unha serie de tecnicismos que se facilitan en campos semánticos diferenciados, como son a pesca, a carpintaría e a agricultura.
	19	Elixir un tema con temática da natureza e buscar información sobre el para facer un texto expositivo.
Intrapersoal	21	Preparar unha exposición cun compañeiro ou compañeira sobre un tema que elixan e expolo oralmente diante do resto da clase.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Aplicar o coñecemento adquirido no tema para facer exposicións orais.	Elixir un tema de temática natural e preparar a compilación de información sobre el para logo facer unha exposición das ideas principais e secundarias. Acts. 19 e 20.

[] Valid. 25/02/2017

Escoitar e falar

Aprenderás a diferenciar a idea principal das secundarias.

Texto expositivo: idea principal e ideas secundarias

Cando escoitas unha explicación sobre un tema, debes estar atento para saber cal é a **idea principal** e cales son as **ideas secundarias**.

Cando fagas unha exposición, podes empregar fotografías, exemplos ou ilustracións para que se entenda mellor o que estás a explicar.

Na exposición oral, emprega nexos para que sexa doada de entender: ademais, en primeiro lugar, por iso...

18 Pensa en tres temas que che gusten ou che interesen.

19 Elixe un dos temas e busca información. Observa o exemplo:

A xirafa

– Alimentación: vexetais.
– Cantidade diaria: 65 kg.
– Horas dedicadas: entre 16 h e 20 h.
– Curiosidades: cando teñen crías, comen durante as horas máis calorosas porque os seus depredadores dormen.



20 Prepara un guión coas ideas principais e as ideas secundarias sobre ese tema.

21 Prepara a túa exposición cun compañeiro ou cunha compañeira e despois fai a túa exposición diante de toda a clase:

Lembra
Para buscar información utiliza fontes como Internet, dicionarios enciclopédicos ou enciclopedias.

Tema 9 111

17. As relacións son:

– Chave Allen: Aparafusa ou desaparafusa parafusos con cabeza hexagonal.
– Desparafusador: Emprégase para apertar e afrouxar parafusos que requiran pouca forza para apertar e que xeralmente son de diámetro pequeno.
– Alicates: Suxeita, dobra e corta.

Escoitar e falar

18. Resposta persoal.

19. Resposta persoal.

20. Actividade persoal.

21. Actividade en parellas.

Anotacións

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/738153 – Recurso que nos ofrece unha imaxe con moitos instrumentos.

Usarémolo para traballar os tecnicismos do mundo da música. O alumnado organizarase en grupos e cada grupo buscará todas as palabras que poida relacionadas coa música. Logo irémolas pondo en común e teremos un vocabulario de tecnicismos da música completo.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

[] Valid. 25/02/2017

Orientacións didácticas

- A través das actividades que se propoñen nesta dobre páxina poderemos:

- Estudar as características dun texto expositivo escrito.
- Escribir diversos textos expositivos.
- Resolver unha sopa de letras.
- Procurar diversas informacións sobre o sistema solar.

Solucións das actividades

Escribir

22. Resposta persoal. A modo de exemplo:

– Na imaxe temos a chamada ponte romana, ponte vella ou ponte principal, que está na cidade de Ourense.

  Construírona os romanos no século I e logo sufriu varias modificacións nos séculos XII e XVII.

23. Actividade persoal.

24. Actividade persoal.

25. Actividade persoal.

O trasno das palabras

1. As respostas son as seguintes:

Escribir

Aprenderás a escribir un texto expositivo.

O texto expositivo

Le o texto sobre o despoboamento das bisbarras de montaña:

Antes, a vida nas bisbarras de montaña era moi dura. Por iso, moitas familias deixaban o seu fogar e todo o que tiñan, e marchaban para outros lugares.

Algúns buscaban terras de regadío, máis fértiles e doadas de cultivar, nas bisbarras de chaira. Outros abandonaron o campo para ir traballar ás industrias das cidades máis importantes. Os máis ousados partiron cara a América.

Os **textos expositivos** son os que dan información científica ou histórica dalgún tema.

Para facer un texto expositivo debes **escoller** un tema, **buscar información** sobre el, **seleccionar** o máis importante e **escribilo ordenadamente**.

Antes de comezar a escribir un texto expositivo, elabora un esquema ordenado coas ideas principais.



22 Busca información sobre esta ponte de Ourense, ordénaa e fai un esquema coas ideas principais.

23 A partir do esquema anterior, escribe un texto expositivo.

24 Amplía o texto expositivo que tes a continuación empregando fontes de información:

Como a temperatura media do planeta continúe aumentando, a distribución das especies de aves comúns reducirase de xeito considerable a finais do século.

Gran parte das aves que fan os seus niños en Europa teñen posibilidades de ver reducido o seu hábitat debido ao cambio climático.

25 Escolle un tema que che interese e escribe un texto expositivo. Despois, leo diante dos teus compañeiros e compañeiras.

112 Tema 9

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Naturalista	24	Ler comprensivamente un texto expositivo e coñecer as ideas principais e secundarias e completalo logo con máis información que procure pola súa conta.
Espacial	1 O trasno	Resolver unha sopa de letras que ten os nomes dos 8 planetas do Sistema Solar.
Lingüística	2 O trasno	Aplicar a eficacia lectora descifrando unhas coordenadas para localizar as letras que formarán unha mensaxe.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Conciencia e expresións culturais	Buscar información sobre diversas manifestacións artísticas da realidade.	Buscar información sobre unha ponte que se presenta nunha imaxe para facer un esquema coas ideas principais sobre as súas características e datos. Act. 22

O trasno das palabras

1 Busca, nesta sopa de letras, os planetas do Sistema Solar:

O	C	B	V	H	N	N	T	U	T	M
T	P	Q	E	R	S	E	O	Z	U	E
E	X	U	N	V	X	P	I	E	Z	R
R	N	X	U	P	I	T	E	R	M	C
R	C	P	S	R	Q	U	S	O	A	U
A	U	L	U	R	A	N	O	A	M	R
E	E	X	M	S	O	O	A	X	U	I
M	A	R	T	E	F	G	O	Ñ	O	O
O	S	A	T	U	R	N	O	H	C	T



2 **Eficacia lectora.** Servíndote da clave, poderás descifrar a mensaxe do astronauta:

Clave:

	a	b	c	d	e
1	a	r	l	u	b
2	t	o	n	d	u
3	e	p	z	g	m

Lectura recomendada

Bernardino GRAÑA: *Planeta de ratos tolos*. A Coruña, Ed. Everest Galicia, 2004.

Carolo quere contar unha historia que dure todo o día ao mozo dunha das súas fillas.

O rapaz acepta e Carolo nárralle a vida de dous ratiños enriquecida con outros contos que esta historia lles suxire ás persoas que o están escoitando.

– Horizontais: Xúpiter, Urano, Marte e Saturno.

– Verticais: Terra, Venus, Neptuno e Mercurio.

2. A mensaxe do astronauta é:

A Terra é un planeta azul de gran beleza.

ANOTACIÓNS

.....

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/738155 – Recurso no que podemos ler a historia da máquina Enigma, empregada na Segunda Guerra Mundial para descifrar o código de comunicacións dos nazis.

Pedirémoslle ao alumnado que o lea e que en base ao estudado e a esta información, creen por grupos un código secreto e que escriban unha mensaxe. Logo sairán ao encerado e escribirán a mensaxe. O resto dos nenos e nenas intentarán descifrala.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

[] Valid. 25/02/2017

Orientacións didácticas

- A través das actividades que se propoñen nesta dobre páxina poderemos:

- Repasar os diversos contidos estudados no tema.
- Preparar e realizar un ditado.
- Investigar sobre o sistema solar.
- Facer un cálculo sinxelo sobre os diámetros dos planetas.

Solucións das actividades

Aprendín

1. A resposta é:

– Os verbos son palabras que expresan accións, sucesos ou estados.

2. A clasificación queda do seguinte xeito:

– Accións: caer, dicir, ir, saír, actuar, ler, arar, xogar, pedir, partir, aplaudir, construír, conducir, andar, enviar, mover, reunir.

– Estados: durmir, ser, entender, poder, sentir, saber.

3. Os verbos que aparecen en infinitivo na lectura inicial son:

– Entrar, protexer, funcionar, modificar, axustar, saír, realizar, reparar, manter, lavar, xantar, colocar.

Aprendín

1 Completa a seguinte oración no teu caderno:

Os verbos son palabras que expresan ..., ... ou ....

2 Indica no teu caderno se os seguintes verbos expresan accións (A), estados (E) ou sucesos (S):

- durmir
- caer
- dicir
- ir
- saír
- ser
- actuar
- ler
- arar
- xogar
- pedir
- partir
- aplaudir
- construír
- entender
- conducir
- poder
- sentir
- andar
- contar
- enviar
- mover
- saber
- reunir

3 Copia todos os verbos en infinitivo que aparezan na lectura inicial e indica a que conxugación pertencen. Despois separa a raíz da desinencia.

4 Escribe unha oración con cada unha das seguintes palabras:

- atmosfera
- lanzadeira
- paseo espacial
- compartimentos
- satélite
- tripular
- órbita
- gravidade

5 Copia os tecnicismos das seguintes oracións no teu caderno. A que campo pertencen?

– A dixestión axúdanos a converter os alimentos na enerxía e nos nutrientes que necesitamos cada día.

– As froitas achégannos vitaminas, minerais, fibra e azucres.

– Na boca tritúranse os alimentos e fórmase o bolo alimenticio.

– No estómago realízase a dixestión.

Ditado

Filomena é unha **rapaza** de **nove** anos.

Mentres o seu pai **traballa** e **cultiva acivro** no **invernadoiro**, ela **vai** á montaña coa súa **avoa** e **Vítor**, o seu **veciño**.

Os dous amigos comparten un **papaventos** moi antigo, **aínda** que só poden xogar con el cando vai un pouquiño de **vento**.

114 Tema 9

Intelixencia Múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Naturalista	1 O trasno	Buscar información sobre os planetas do Sistema Solar para completar unha táboa coa súa distancia ao sol, diámetro e satélites.
	3 O trasno	Buscar información sobre o nome das catro fases da lúa segundo a súa proximidade ou afastamento do Sol e localización respecto do Sol e da Terra.
Intrapersoal	Ditado	Preparar un ditado fixándose nas posibles dificultades que atopará para escribilo.
Lóxico-matemática	2 O trasno	Ordenar de maior a menor o diámetro dos planetas do Sistema Solar, ademais do Sol e da Lúa.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Empregar o coñecemento previo para resolver actividades.	Completar unha frase sinxela na que se contén unha enumeración do que poden expresar os verbos. Act. 1 Aprendín.

[] Valid. 25/02/2017

Avalío as miñas competencias

1 A Terra pertence ao Sistema Solar. Busca información na Internet dos planetas que o forman e completa a táboa:

planeta	distancia do sol	diámetro	satélites
...	...	...	

2 O diámetro do Sol é de 1 400 000 km e o da Lúa, 3476 km. Debuxa os planetas do Sistema Solar ordenándoos segundo o seu diámetro. Comeza polo que teña o diámetro maior e inclúe a Lúa e o Sol.

3 As fases da Lúa son catro. Le e escribe no teu caderno o nome que ten a Lúa en cada unha delas:

- A Lúa está entre a Terra e o Sol.
- A Lúa afástase do Sol.
- A Lúa está en liña co Sol e coa Terra.
- A Lúa achégase ao Sol.

4 Completa o poema "Cosmonautas" de Marica Campo coas palabras que tes no recadro:

Da nave da ...
somos cosmonautas,
navegamos todos
pola ....

Negros e amarelos,
de ... ou cor branca,
homes e mulleres,
só hai unha ....

Nesa inmensidade
que son as ...
somos só persoas,
dunha especie, a ....

cobre
Terra
galaxias
raza
humana
Vía Láctea

Tema 9 115

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/683237 – Recurso que nos permite facer sinxelas actividades sobre o sistema solar, pero que nos axudará a afianzar os coñecementos e a saber características dos planetas, como o seu tamaño, nome, corpos celestes que non son planetas, etc..

Pedirémoslle ao alumnado que vaian facendo por parellas os exercicios e que se teñen algunha dúbida, a expoñan en alto para aclarala diante de toda a clase.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

A separación en raíz e desinancia é:

- Entr-ar: primeira conxugación.
- Protex-er: segunda conxugación.
- Funcion-ar: primeira conxugación.
- Modific-ar: primeira conxugación.
- Axust-ar: primeira conxugación.
- Sa-ír: terceira conxugación.
- Repar-ar: primeira conxugación.
- Realiz-ar: primeira conxugación.
- Mant-er: segunda conxugación.
- Lav-ar: primeira conxugación.
- Xant-ar: primeira conxugación.
- Coloc-ar: primeira conxugación.

4. Actividade persoal.

5. Os tecnicismos son:

- dixestión, nutrientes, vitaminas, minerais, fibra, azucres, bolo alimenticio, estómago.

  O campo semántico é a dixestión.

Ditado

O alumnado preparará e realizará o ditado.

Avalío as miñas competencias

1. A táboa queda do seguinte xeito:

- Distancia ao sol:
  - Mercurio: 57.910.000 km.
  - Venus: 108.200.000 km.
  - A Terra: 146.600.000 km.
  - Marte: 227.940.000 km.
  - Xúpiter: 778.330.000 km.
  - Saturno: 1.429.400.000 km.
  - Urano: 2.870.990.000 km.
  - Neptuno: 4.504.300.000 km.
- Diámetro:
  - Mercurio: 4.870 km.
  - Venus: 12.100 km.
  - A Terra: 12.756 km.
  - Marte: 6.670 km.
  - Xúpiter: 143.760 km.
  - Saturno: 120.420 km.
  - Urano: 51.300 km.
  - Neptuno: 40.500m km.

(Segue na páxina 9-14)

(Vén da páxina 9-5)

- segunda conxugación: correr, comer, protexer, socorrer, coller.
- terceira conxugación: corrixir, partir, oír, escribir, durmir, sentir.

(Vén da páxina 9-7)

14. As oracións quedan así:

- Non se debe ter envexa entre os adversarios ou contrincantes.
- Os adverbios son moi usados na conversa e na escritura.
- Durante as xeadas que hai no inverno, colócanse nas estradas moitos sinais de advertencia.

(Vén da páxina 9-13)

- Satélites:
  - A Terra: A Lúa.
  - Marte: Fobos e Deimos.
  - Xúpiter: Ío, Europa, Ganímedes e Calisto son os máis importantes.
  - Saturno: Os principais son Mimas, Encélado, Tetis,Dione, Rea, Titán, Hiperión... ten en total 200 observados.
  - Urano: Ten 27 coñecidos, pero os principais son Miranda, Ariel, Umbriel, Titania e Oberón.
  - Neptuno: Ten 14 coñecidos, pero os máis importantes son Tritón, Nereida, Náiade, Talasa, Galatea...

2. A orde dos planetas, o sol e a Lúa segundo o diámetro é:

- O Sol: 1.400.000 km.
- Xúpiter: 143.760 km.
- Saturno: 120.420 km.
- Urano: 51.300 km.
- Neptuno: 40.500m km.
- A Terra: 12.756 km.
- Venus: 12.100 km.
- Marte: 6.670 km.
- Mercurio: 4.870 km.
- A Lúa: 3.476 km.

3. As fases da Lúa son:

- A Lúa está entre a Terra e o Sol: Lúa Nova.
- A Lúa afástase do Sol: Lúa minguante.
- A Lúa está en liña co Sol e a coa Terra: Lúa Chea.
- A Lúa achégase ao Sol: Lúa crecente.

4. O poema queda do seguinte xeito:

- Da nave da Terra

somos cosmonautas,
navegamos todos
pola Vía Láctea.
Negros e amarelos,
de cobre ou cor branca,
homes e mulleres,
só hai unha raza.
Nesa inmensidade
que son as galaxias,
somo só persoas,
dunha especie, a humana.

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	**WEBS**
http://www.tiching.com/683237	https://dl.dropboxusercontent.com/u/13293079/O%20SISTEMA%20SOLAR/o_sistema_solar.html
http://www.tiching.com/687235	http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/morfoloxia/verbo1.htm
http://www.tiching.com/737932	https://gl.wikibooks.org/wiki/Exercicios_de_ortograf%C3%ADa_en_lingua_galega/b-v
http://www.tiching.com/738151	https://www.google.es/search?q=o+lixo+espacial&biw=1366&bih=667&tbm=isch&tbo=u&source=univ&sa=X&ved=0ahUKEwjltfGPnabJAhWBfxoKHRKKDX8QsAQIHw
http://www.tiching.com/738153	https://mariajesusmusica.files.wordpress.com/2008/08/grupo_instrumentos.jpg
http://www.tiching.com/738155	https://gl.wikipedia.org/wiki/M%C3%A1quina_Enigma

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES